Galicia

A Historia

Ramón Villares

galaxia

Biblioteca Básica da Cultura Galega

A Historia

Esta versión parte da 12ª edición impresa en Editoria Galaxia en 2000

1ª edición, 1984
1ª edición dixital, 2010

© Ramón Villares, 2010

© EDITORIAL GALAXIA, S. A. 2010
Avenida de Madrid, 44, baixo - 36204 Vigo
www.editorialgalaxia.com

ISBN: 978-84-9865-922-1

Deseño portada
F. Mantecon e M. Janeiro

Ramón Villares

A Historia

BIBLIOTECA DA CULTURA GALEGA

"Muy pocos pueblos como el gallego han sabido conservar a través de los tiempos más pura, más constante, más indeclinable su fisonomía. No es posible dudarlo. Todo en él es tradicional y está en la costumbre mejor que en la ley escrita; en la literatura oral, que en la erudita; en su vida interna, que en la histórica; en su corazón, y no en las manifestaciones exteriores. No se verifica modificación alguna que no se lleve a cabo con una cierta parsimonia y como contra la voluntad. Ríndese a lo incontrastable de los destinos que así lo quieren, mas no se hace otro ni se desprende por completo de la tradición, antes impregna la nueva vida de cuanto es en él privativo y congénito".

Manuel Murguía, Galicia, 1888.

LIMIAR

A presente Historia, *debida á pluma do profesor Ramón Villares, da Universidade de Santiago, ofrece, dentro da súa obrigada brevedade, unha apretada síntese das liñas que marcaron, e siguen marcando aínda, a evolución histórica de Galicia. Máis que nos datos concretos, que naturalmente non faltan, básase no estudio das ideas e dos feitos que en conxunto dibuxan dunha maneira indeleble as distintas épocas da historia do país. É unha obra aberta, na que as afirmacións tallantes deixan paso ás suxerencias, moitas veces verdadeiros acenos ó lector, que lle permiten a este facer a súa propia reflexión sobre os datos e a interpretación que lle fornece o autor do libro.*

Esta colaboración co historiador, que somete a súa particular interpretación da historia de Galicia ó xuicio activo dos seus lectores, vese facilitada aínda polos mapas e os textos que se inclúen, cos cales se pretende estimular a aqueles que se sintan interesados por ampliar os horizontes da súa curiosidade

histórica, para que partindo do carácter básico da obra, se podan entrar no estudio personal da historia de Galicia, establecendo o nivel que mellor se acomode ós seus desexos ou necesidades.

Hai aínda un dato máis que quixéramos salientar na Historia *que hoxe publicamos. Por tratarse da obra dun único autor, puidérase pensar nas desigualdades e as inevitables desarmonías que a especialidade deste tende a provocar. Tal peligro, tantas veces real en compendios como o que aquí ofrecemos, pensamos que neste caso concreto quedou xenerosamente compensado pola ventaxa adicional de manter e coherencia interpretativa e o orde sistemático, ademáis do fío conductor que atravesa o libro desde o principio ata o fin. Un fío que guiará ó lector con seguridade, pero sin ataduras nin imposicións dogmáticas de ningún tipo.*

Capítulo I
AS CULTURAS PREHISTORICAS:
Primeiros poboadores e asentamentos humanos.

No territorio que hoxe coñecemos como Galicia tiveron lugar, ó longo do amplo periodo da prehistoria, unha serie de manifestacións culturais que van desde a fabricación de rudimentarios útiles líticos ata ben feitiños machados de tope, propios do Bronce final. Manifestacións todas que dan bo testemuño da presencia do home en Galicia e do seu constante esforzo para domina-lo territorio e construír asentamentos sobre do mesmo cada volta máis firmes e estables. Pero se os vestixios desta actividade humana sobre o terreo son abondosos, como amosan as mámoas da época megalítica, son ben raros os restos óseos que se conservan do home, o que dificulta o coñecemento dos primeiros poboadores de Galicia. Dificultade que tamén se acrecenta cunha característica moi frecuente na prehistoria galega: o retraso cronolóxico que, con respecto á prehistoria xeral, apresentan os restos arqueolóxicos atopados nas diferentes estacións e xacementos estudados, nos que se combinan técnicas primitivas con contextos históricos máis modernos.

1. Os primeiros poboadores: a formación dunha etnia.

O coñecemento dos primeiros poboadores de Galicia e dos diferentes elementos raciais que compoñen a etnia galega é, na opinión dos prehistoriadores, tarefa difícil pola escasez de vestixios antropolóxicos e arqueolóxicos e a imprecisión dos testemuños literarios. Foron, non obstante, as informacións de tipo literario, procedentes de autores gregos e romanos, as que durante moitos anos identificaron os primeiros poboadores da Galicia como os *oestrymnios.* No poema de Rufo Festo Avieno, *Ora maritima,* composto no século IV despois de Xto., pero cecais baseado en relatos de periplos marítimos feitos no século VI antes de Xto., alúdese ós "loca et arva Oestrymnicis habitantibus", describindo a estas xentes como homes fortes e destemidos, comerciantes e moi mariñeiros, que sulcaban o mar en barcos de coiro. Esta poboación *oestrymnia,* que correspondería presumiblemente á epoca do Bronce final, sería desprazada do seu territorio por unha invasión de serpentes, os *saefes,* denominación literaria da chegada dos celtas.

Esta descrición da poboación prehistórica de Galicia é, naturalmente, moi imprecisa e por demais xenérica, o que aconsella recorrer a datos de orde antropolóxica e arqueolóxica para se achegar máis ó coñecemento dunha poboación que, mediante a aportación de sustratos raciais de diversa procedencia, iría conformando a etnia galega. Aínda que se atoparon algúns restos óseos datados no Bronce inicial (caso da cista de Cubillón, na parroquia luguesa de Cazás), as análises feitas ata agora destes diferen-

tes elementos raciais tiveron que facerse sobre restos procedentes de necrópoles baixorromanas e suevas, polo que os seus resultados son de abondo provisorios. Con todo, pódense distinguir varios sustratos raciais: a) un sustrato de tipo cromañoide, que se supón se-lo máis antigo, atopado nunha necrópole da Lanzada, b) un sustrato de tipo mediterráneo, moreno e de baixa estatura, xa presente no neolítico e moi frecuente en Galicia, que Alonso del Real ten definido como "o eterno campesino neolítico", e c) diferentes achegas de orixe nórdica ou alpina, incorporadas no Bronce final, que axudarían a configurar deste modo unha etnia complexa que aínda se acentuaría máis coa chegada dos celtas e os posteriores aportes de romanos e xermánicos.

2. O paleolítico: unha sociedade cazadora.

Desde unha data difícil de determinar (periodo achelense ou, segundo os datos das Gándaras de Budiño, 26.000 a. de Xto.) deica o cuarto milenio a. de Xto. exténdese o periodo paleolítico e mesolítico, no que a actividade humana en Galicia deixou vestixios de industrias líticas e dun poboamento que semella máis intenso nas comarcas meridionais costeiras pero que, con todo, non supuxo a construción de asentamentos estables e perdurables como poderían ser covas ou cavernas de ocupación permanente.

A época máis recuada deste periodo é o *paleolítico inferior,* comezado a coñecer en Galicia a partir dos primeiros achados en superficie de pezas talladas, realizados en 1924 en Camposancos, na desembocadura do Miño, pero o seu máis cabal co-

ñecemento non se acadaría ata a excavación dos xacementos das Gándaras de Budiño (1963) e de Toén (1973). Nas Gándaras de Budiño atopáronse unhas 700 pezas de seixo e cuarcita, restos de fogares ó ar libre e, mesmo, talleres onde se fabricaban estes útiles líticos. Se ben polo método radiocarbónico se datou esta estación prehistórica entre os anos 26.000 e 18.000 a. de Xto., as pezas atopadas están fabricadas con técnicas máis primitivas do que este estadio histórico permitiría supoñer, o que indica que ou ben a cronoloxía debe ser retrasada ou que os materiais empregados e o conservadurismo das culturas paleolíticas da "familia cultural atlántica" están na base deste desaxuste. As Gándaras de Budiño apreséntanse, de todas formas, coma un campamento de bandas de cazadores que practica, por tanto, unha economía depredativa onde o home caza cervos, corzos e elefantes, mentres que a muller apaña froitos silvestres.

A etapa do *paleolítico superior* e epipaleolítico encetada en época incerta e que se extende aproximadamente ata o ano 8.000 a. de Xto., desenvolveuse dentro dun clima frío e húmedo, o que explica que sexan os abrigos penedosos, coma os descubertos en Muras e Vilalba, os lugares onde se atoparon restos de actividade humana máis adiantada cá das Gándaras de Budiño. As pezas atopadas son máis pequenas e talladas sobre o sílex, o que amosa unha superior capacidade técnica. Tamén apareceron nestes abrigos restos de ocre, que poderían suxerir a existencia dunha pintura mural ou corporal, aínda que non hai indicios de que estes lugares abrigosos fosen utilizados coma vivendas estables. Una

economía de tipo depredativo, unha sociedade de tipo igualitario e un obrigado nomadismo seguen a se-las características definitorias desta sociedade paleolítica de base cazadora.

Esta configuración comezou a mudar paseniñamente durante o periodo *mesolítico,* no que a caza deixa lugar, nas comarcas costeiras, para a práctica intensa do marisqueo, o que posibilitaría unha mínima especialización laboral e unha redución do número de membros das bandas de cazadores, debido ó descenso da importancia da caza.

3. O neolítico. A cultura megalítica.


O proceso de"neolitización" ou de "revolución neolítica", consistente no tránsito dunha economía depredativa e recolectora a unha productora, é un fenómeno histórico que en Galicia se adoita asimilar ó megalitismo ou cultura megalítica, pois nin a aparición dunha agricultura estable, nin a sedentarización e a súa especialización laboral a penas poden detectarse no espacio temporal que vai do mesolítico ó megalitismo. Con todo, J.M. Vázquez Varela apuntou a posibilidade da existencia dun "neolítico agrícola" anterior á cultura megalítica, durante o cuarto milenio a. de Xto., baseándose en datos climáticos (diagramas polínicos) que testemuñan unha agricultura cerealística, practicada mediante o sistema de rozas; posibilidade que, por tanto, reforzaría a dimensión "neolitizadora" do megalitismo galego.

A denominación de "cultura megalítica" deriva da construción de enormes monumentos de pedra, de carácter xeralmente funerario e que poden ser de

diferentes tipos: círculos líticos ou cromlechs, mehires que en Galicia se denominan "pedras fitas" e sepulcros, que son os máis abondosos e que tamén reciben moi diversas denominacións: mámoas, modias, medorras, medoñas.

O megalitismo galego desenvólvese, fundamentalmente, ó longo do terceiro milenio a. de Xto. e forma parte dun fenómeno cultural moi amplo, pero con especial difusión nas zonas costeiras do Occidente europeo. Os primeiros construtores de megalitos en Galicia inspiráronse en Portugal, sendo o mundo portugués, con preferencia ó atlántico europeo, o punto de referencia preferido na cultura megalítica galega.

Os máis frecuentes monumentos megalíticos son os sepulcros, que están formados dun túmulo e un dolmen ou anta interior. Tanto na primeira fase do megalitismo, na que predominaban os sepulcros pequenos, como no seu remate, con abundancia de sepulcros desenvoltos e rectangulares hai unha mesma idea construtiva, consistente na defensa e aillamento do espacio interior mediante un túmulo. Os túmulos están formados dunha capa de terra e pedras, de non moi grandes dimensións (entre 10 e 30 metros de diámetro) de forma circular e aparentando un pequeno montiño. No seu interior acobillan os sepulcros onde se efectuaban os enterramentos. Estes sepulcros, ben de tipo dolménico (antas) ben do tipo de corredor, eran polo regular de pequenas dimensións,en comparanza cos existentes noutras culturas megalíticas, e apresentan un enxoval funerario pobre; aínda que nesta pobreza teña algo que ve-la constante expoliación que sufriron estes mo-



Mapa 1

Areas de principal difusión do megalitismo galego.

FONTE: A. A. Rodríguez Casal, "Megalitismo" S. V. in GRAN ENCICLOPEDIA GALLEGA

numentos ó longo da historia, tendo sido explorados sistemáticamente no século XVII polo fidalgo Vázquez de Orxas, quen conseguira permiso para buscar tesouros nas tumbas dos "gentiles galigrecos".

Da cultura megalítica apenas fican máis restos que estes monumentos funerarios destinados a amosa-lo culto ós mortos e a crenza nunha vida ultraterrena. Pero desta mesma forma de entender e perpetua-la morte poden deducirse algunhas características sobre as formas de vida desta sociedade de construtores de megalitos.

O número das mámoas existentes aínda hoxe, ademais das destruídas sobre todo por mor da labranza, permite inducir un poboamento denso e disperso, pois son varios miles de mámoas as espalladas por todo o territorio galego, en especial na súa vertente occidental e septentrional, e a penas existen necrópoles. Dada a pequena dimensión dos sepulcros e a pouca concentración dos mesmos, o modo de ocupa-lo territorio parece caracterizarse pola súa dispersión, tal como sinalara hai xa anos López-Cuevillas. Por outra banda, a localización das mámoas ofrece algunhas pistas sobor da economía megalítica, pois a súa ubicación é preferentemente nas gándaras e penicháns, é dicir, en terreos aptos para o pastoreo e a explotación gandeira, se ben isto non quita a existencia de modias en terreos aptos para agricultura pero que, por esa mesma razón, teñen sido xa destruídas.

Deste emprazamento dos monumentos megalíticos cabe deducir unha base económica centrada na agricultura, dotada dunha tecnoloxía

neolítica recibida do sur, pero compensada tamén cunha base pastoril e gandeira e con restos de prácticas depredativas de tradición mesolítica. Se ben os megalíticos dispoñían de gado domesticado (boi, porco, cabra, ovella...) e sementaban cereais e leguminosas, a agricultura era de abondo arcaica, indicando o arcaísmo e rudeza dos útiles atopados, na opinión de C. Garcia Martinez, "un estadio de cultivadores primitivos cunha técnica de produción limitada", tendo que recorrer, por tanto, á gandería e á caza. Tanto a dispersión e "minifundismo" do poboamento megalítico, como este arcaísmo da súa actividade agraria explican que estas sociedades de construtores de mámoas non "xerase os excedentes económicos necesarios para desenrolar todos aqueles elementos que tipifican as ricaces e complexas sociedades megalíticas do sudeste e oeste peninsular" (C. Garcia Martinez).

A sociedade megalítica galega non desenvolveu, por tanto, unha importante xerarquización social, como amosan os enterramentos colectivos e os enxovais uniformes dos sepulcros, onde abondan ben máis os útiles de finalidade produtiva cós obxectos de enfeite. Trátase dunha sociedade relativamente igualitaria, composta de pequenas unidades, pouco belicosa, asentada de forma dispersa sobre o territorio e extremadamente relixiosa, como manifesta a mesma cantidade de sepulcros erguidos, as ofrendas que realizaban ós mortos e as pinturas e gravados atopados nas mámoas e que aluden a unha mitoloxía centrada na morte e na fecundidade. Como conclusión, podemos encomendarnos aínda á visión da poboación megalítica que daba hai varias

décadas Florentino López-Cuevillas: "poboación densa que vivía sobre o territorio dun xeito dispersivo, acusando un senso cultural de tipo arcaizante e organizada nun réxime de familias ou pequenos clans, que non permitía por falla dunha estrutura política e social máis complicada, e do exercicio dunha forte autoridade unificadora e rectora de esforzos, a construción de grandes sepulturas colectivas".

4. A introdución da metalurxia.

A finais do terceiro milenio comeza a esmorece-la cultura megalítica, que non consegue, como noutros lugares, mante-la súa vitalidade cunha tecnoloxía metalúrxica. Semella, pola contra, que foron grupos humanos procedentes do sur do Douro os que foron introducindo unha utillaxe metálica que foi arrumbando progresivamente a tecnoloxía de base lítica propia do neolítico megalítico. As consecuencias históricas que carrexa a difusión da industria metalúrxica son enormes, ó propiciar uns intensos intercambios comerciais, unhas formas sociais máis ríxidas e xerarquizadas e, en definitiva, un mellor dominio do medio por parte do home.

A introdución da metalurxia en Galicia asóciase á cultura do *vaso-campaniforme,* así denominada pola forma de sino invertido que caracteriza esta cerámica e que se localiza en Galicia entre o 2100 e o 1800 a. de Xto. Anque non se sabe moi ben se estes restos cerámicos campaniformes son froito de relacións comerciais co sur portugués ou dunha instalación definitiva de grupos humanos, parece seguro

que os portadores de vasos campaniformes cumpriron un importante papel na procura das materias primas, na organización das relacións comerciais e, en conxunto, na difusión da metalurxia do cobre.


A partir dos anos 1900/1800 a. de Xto. deica o século VI, en que aparece con forza a cultura castrexa baseada na utilización do ferro, desenvólvese a *idade do Bronce,* baseada na combinatoria de diferentes metais: o cobre, o estaño e o chumbo. Esta fase prehistórica do Bronce adoita dividirse en tres etapas. Un Bronce inicial ou "protoatlántico" que se extende ata o 1500 a. de Xto. e que se caracteriza polo emprego do cobre na fabricación de pequenos puñais, de tradición campaniforme, atopados en cistas e acobillos. O denominado Bronce medio, acoutado entre o 1500 e o 1100 a. de Xto., apresenta un desenvolvemento tecnolóxico máis importante, coa utilización do estaño para a fabricación do bronce, e unha extraordinaria riqueza artística, como poñen de relevo as xoias de ouro e, moi especialmente, o *tesouro de Caldas de Reis,* atopado en 1940, e composto de diferentes pezas de ouro macizo (ó redor de 50 Kgs.), constituíndo, por tanto, o conxunto máis importante de xoias de toda a prehistoria galega. Finalmente, un Bronce final, "atlántico", caracterizado polo emprego dunha metalurxia ternaria de cobre, estaño e chumbo, cerra esta primeira fase da metalurxia en Galicia.

O desenvolvemento da metalurxia do cobre e bronce foi moi grande en Galicia pola súa riqueza mineral, especialmente en estaño, como tanto suliñan as fontes literarias clásicas. Isto provocou a creación dun auténtico foco metalúrxico dedicado á

extracción de minerais, á fabricación de instrumentos e mais á súa comercialización cara ó Mediterráneo ou nas costas atlánticas. A existencia de obradoiros artesanais e o descubrimento de acobillos ateigados de machados de tope (máis de trescentos se atoparon nalgún) testemuñan este esplendor metalúrxico.

A sociedade do Bronce, xa desde a fase inicial, apresenta unha fasquía ben diferente da megalítica. Practica con máis intensidade a agricultura cerealista e a explotación de gado domesticado, pero tamén é capaz de establecer relacións comerciais con Bretaña, Inglaterra e, obviamente, co sur de Portugal e o Mediterráneo. A xerarquización social é agora ben nidia, aparecendo o enterramento individual e o emprego de xoias como signos de distinción social por parte dunha élite de tipo militar, belicosa pero tamén comerciante e controladora da actividade metalúrxica, que se sobrepón a unha poboación rural de orixe megalítica que segue a ocupar dispersivamente o territorio e a ter na agricultura e o gado a súa principal adicación. A decadencia da metalurxia do bronce e a progresiva introdución en territorio galego de pobos procedentes de Centroeuropa que eran coñecedores da técnica do ferro provocarán unha muda cicais sustancial desta sociedade comerciante e guerreira do Bronce ata desembocar na cultura castrexa. Pero unha manifestación artística singular e de controvertida interpretación, como é a arte rupestre, serve de elo entre estas dúas fases culturais situadas de a cabalo da prehistoria e a historia.

A *arte rupestre* consiste nun conxunto de gravados feitos ó ar libre sobre as rochas de granito que se



Mapa 2

Localización dos petroglifos

FONTE: A. de la Peña Santos: *"Petroglifos"*, s. v. in Gran Enciclopedia Gallega.

coñecen como *petroglifos* e a súa cronoloxía, aínda que indecisa, semella extenderse desde os principios da idade do Bronce deica ben entrada a cultura castrexa. En calquera caso, é na época do Bronce cando estas insculturas acadan meirande difusión, o que permite concluír que existe unha estreita relación entre os petroglifos e a explotación e comercio dos metais. Dentro dunha concepción xeométrica xeral, a tipoloxía dos petroglifos apresenta variadas formas, desde motivos zoomorfos ou antropomorfos ata deseños xeométricos ou idoliformes, anque predominan as figuras de estilo esquemático sobre as de tipo naturalista. A súa distribución xeográfica é concentrada, ó se reduciren case exclusivamente ás rías de Pontevedra e Vigo e ós seus vales máis próximos. No val do Lérez e, especialmente en Campolameiro, atópase o núcleo principal da arte rupestre galega.

Capítulo II
A CULTURA CASTREXA

Durante a idade do ferro desenvolveuse en Galicia a cultura castrexa, que é o froito, segundo unha tradición historiográfica da que López Cuevillas é o autor máis sinalado, da fusión de elementos autóctonos e elementos culturais achegados polas sucesivas vagas de xentes chegadas desde Centroeuropa; na actualidade, non obstante, hai unha tendencia a minimiza-la vella singularidade desta cultura, privilexiando o aporte do Bronce, ou ben confundíndoa coa implantación romana.


A manifestación máis característica desta cultura, pola súa singularidade e abundancia, é un tipo específico de asentamento —que non exclúe outros—, o *castro,* de onde deriva a definición xenérica desta etapa. A cronoloxía da cultura castrexa, xa apuntada nas fontes clásicas como a *Ora marítima* de Avieno como comezada no século VI a. de Xto., foi confirmada posteriormente polas excavacións de diferentes castros (Penarrubia, Borneiro, O Neixón), de modo que os seus inicios sitúanse certamente cara a mediados deste século, manténdose

actividade nos castros, aínda que de forma intermitente, deica o século VI d. de Xto. (castro asturiano de Mohías, 570 d.d. Xto.). A cultura castrexa abrangue, pois, máis dun milenio, pero despois da conquista romana a súa situación é diferente, sendo, por tanto, o periodo que vai desde finais do Bronce deica a chegada das lexións romanas o máis específicamente castrexo.

As fontes de que se dispón para o coñecemento da cultura castrexa son variadas. Están, en primeiro termo, as propiamente arqueolóxicas procedentes do estudo dos castros; tamén as epigráficas e artísticas, das que a cerámica e, en especial, a ourivesaría constitúen manifestacións senlleiras desta cultura; e, finalmente, as fontes literarias procedentes de autores clásicos. As informacións que estes proporcionan son, polo regular, moi xenéricas e atribuídas "ós pobos do Noroeste", pero as descripcións de Avieno, Estrabón ou Plinio son importantes para o coñecemento da sociedade castrexa e a súa organización política.

1. Os castrexos, ¿unha poboación celta?

A consideración de que a poboación antiga de Galicia e, máis en concreto, a que habitaba os castros era de raza celta é unha tradición que, despois de ter sido hexemónica na literatura e na historia, remanece hoxe aínda a nivel popular. Este arraigo do celtismo deriva das mesmas fontes literarias que, no caso de Avieno, aluden ós *saefes* celtas que desprazaran á pacífica poboación *oestrymnia,* e no caso de Mela, Strabón ou Plinio, que sitúan constantemente os "celtici" como ocupantes do



Mapa 3

Area xeográfica da cultura dos castros: núcleo central e zona de influencia.

FONTE: A. M. Romero Masiá. *El habitat castreño*, Santiago, 1976.

Noroeste da Iberia. Pero, ademais destas referencias literarias, o celtismo atinguiu tal fortuna historiográfica debido a que historiadores románticos e logo poetas de inspiración épica como Pondal situaron ós celtas como principal mito fundador da nacionalidade galega. O exemplo máis sobranceiro é o do historiador Manuel Murguía, que na súa *Historia de Galicia* (1865) considera a raza celta como o elemento central na definición da nación galega, converténdose así o celtismo e maila súa dimensión racial aria nun alicerce máis mítico ca histórico. Pero se este recurso ó celtismo é lexítimo e coherente na obra de Murguía e no contexto romántico no que agroma, non pode sosterse na actualidade esta exclusividade céltica da poboación castrexa.

Esta poboación habitadora dos castros semella ser, más ben, o froito de diferentes achegas raciais, das que xa falamos ó nos referir á etnia galega, e dos celtas que, en efecto, chegan a Galicia durante os primeiros séculos do último milenio a. de Xto. Os celtas eran un pobo procedente das beiras do mar Caspio e das montañas do Cáucaso que, progresivamente, se foron desprazando cara ó ocidente europeo, para penetrar na Península Ibérica en dúas grandes vagas, entre o 950 e o 650 a. de Xto. Desta derradeira vaga formaban parte os grupos europeos, compostos de celtas e doutros pobos arrastrados nesta andaina cara ó solpor, que se van instalando en Galicia despois de se teren introducido ó traveso da bacía do Sil.

O máis sobranceiro aporte destes grupos de orixe centroeuropea é a técnica do ferro, descoñecida pola poboación autóctona. A cultura castrexa apre-